

As eleccións celebraranse dentro do prazo dun ano contado a partir da entrada en vigor desta disposición.

Disposición transitoria segunda. *Funcionamento transitorio do Consello Asesor de Persoal.*

O Consello Asesor de Persoal a que se refire o artigo 92 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, continuará desenvolvendo as funcións derivadas da devandita disposición ata o día anterior ao da constitución do Consello da Garda Civil, extinguíndose a partir de entón.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior categoría que se opoñan ao previsto nesta lei orgánica ou o contradigan.

2. A partir da entrada en vigor desta lei orgánica non se lles aplicará aos membros do corpo da Garda Civil, no que afecta o dereito de asociación profesional, o número 1 do artigo 181 das reais ordenanzas, aprobadas pola Lei 85/1978, do 28 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Natureza desta lei.*

Esta lei ten o carácter de lei orgánica, a excepción dos seguintes preceptos e disposicións:

Artigos 22 e 23.

Artigos 25 a 35, ambos os dous incluídos.

Artigos 37, 46, 49 e 50.

Artigos 52 a 56, ambos os dous incluídos.

As disposicións adicionais segunda e cuarta.

As disposicións transitorias.

A disposición derogatoria.

A disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción do previsto no punto terceiro da disposición adicional cuarta, que entrará en vigor o mesmo día da constitución do Consello da Garda Civil.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**18392** LEI ORGÁNICA 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil. («BOE» 254, do 23-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, ditada en desenvolvemento do dis-

posto no artigo 104 da Constitución, estableceu no punto primeiro do seu artigo 15 a previsión de que a Garda Civil, para os efectos disciplinarios, tería que rexerse pola súa normativa específica. Esta previsión tivo a súa materialización na Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, do réxime disciplinario da Garda Civil, norma que supuxo un fito destacable nese desexo de adaptar o modelo disciplinario do corpo ao cadro constitucional, configurándose como unha norma innovadora, de recoñecida calidade técnica que, a partir dos elementos básicos de todo sistema disciplinario, compaxinaba as figuras e conceptos propios do daquela vixente réxime disciplinario das Forzas Armadas, con outros extraídos das disposicións reguladoras dos corpos policiais.

A aplicación desta lei disciplinaria da Garda Civil veuse producindo con contadas disfuncións. Pero resulta indubidable que existen factores, sociais e institucionais, que aconsellan unha adaptación en profundidade dela. Factores manifestados, non só polos diferentes pronunciamentos xudiciais que viñeron interpretando e, en ocasións, corrixindo o contido da Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, senón tamén polas demandas xurdidas da propia evolución da sociedade española, á cal, en definitiva, serve a Garda Civil. Existen, así, novas realidades, problemas e retos que, aínda que non exclusivamente, deben atallarse tamén mediante solucións disciplinarias.

Resulta adecuado lembrar que a disciplina constituíu unha noción presente, de maneira constante, na evolución da Garda Civil desde o seu mesmo momento fundacional. Disciplina entendida non só como o exigible rigor no cumprimento das leis e estatutos do corpo, senón tamén como un concepto revelador da vinculación e o compromiso persoal do servidor público cos principios e valores da institución a que pertence. Ao estaren ambas as dúas acepcións permanentemente vinculadas, posto que non pode haber un respecto e cumprimento das normas sen unha asunción persoal voluntaria e pacífica co seu contido, resulta esencial para o desenvolvemento e reforzamento da institución que o réxime disciplinario que se lles aplique aos seus membros sexa igualmente respectuoso cos principios, valores e funcións propios desta, e garante da máxima seguranza xurídica que debe revestir a aplicación dese réxime disciplinario aos membros do corpo. Todo isto desde unha concepción moderna e actual da Garda Civil na cal se unifican as funcións policiais que desenvolve coa natureza militar da súa estrutura.

Esta nova lei disciplinaria para a Garda Civil, que atopa acomodo no proceso de modernización en que desde hai tempo está embarcado o conxunto da Administración pública española, deseña unha reforma que parte de formulacións realistas e sólidas e que substitúe aquilo que quedou obsoleto, co cal se actualiza o que se encontra desfasado no contexto dunha sociedade como a española, en permanente evolución. Todo isto sen perder de vista que o obxectivo e a propia xustificación do réxime disciplinario dunha organización armada e xerarquizada como é a Garda Civil, caracterizada pola súa natureza militar e que lle dedica a maior parte da súa actividade ao mantemento da orde e a seguranza cidadá, segue a ser a preservación dos valores esenciais do servizo aos cidadáns, a garantía da convivencia democrática e a defensa da legalidade.

II

Desde esa formulación, e mantendo aqueles aspectos da Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, cuxo significado e efectos conservan plena actualidade, introdúcense importantes novidades, quer na parte substantiva do réxime disciplinario quer na procesual. Algunhas delas constitúen reformas ou puntualizacións de certas regras, seguindo as pautas marcadas pola xurisprudencia do Tri-

bunal Constitucional e da Sala Quinta do Tribunal Supremo; outras danlles entrada a conceptos ata o de agora inéditos no ámbito disciplinario militar, pero xa existentes nas normas que regulan a actividade das administracións públicas; e, sen dúbida, esta lei pretende darlle cabida a un modelo disciplinario rigoroso, moderno e extraordinariamente garantista para con aqueles a que lles sexa de aplicación: a supresión de diversas figuras sancionadoras, a modificación dos tipos de infraccións ou a incorporación expresa de maiores garantías procedementais no exercicio da potestade disciplinaria son mostras significativas deses propósitos.

Sen dúbida ningunha, as novidades máis importantes introducidas enmárcanse no obxectivo que impregna toda a lei de encontrar un equilibrio correcto entre os instrumentos que o corpo da Garda Civil precisa para o mantemento dun modelo disciplinario eficiente e actual coa supresión de determinadas figuras xurídicas cuxa aplicación, en circunstancias ordinarias, resultan desfasadas, dificilmente xustificables e excesivamente gravosas para os membros da Garda Civil.

Ese é o motivo, en primeiro lugar, da supresión da figura do arresto do cadro de sancións disciplinarias, co cal queda limitada a eventual aplicación desta figura sancionadora, típica do réxime disciplinario das Forzas Armadas, para os supostos en que se leven a cabo misións de natureza militar ou cando o persoal do corpo se integre en unidades militares –xeralmente desprazadas no estranxeiro–, situacións en que é preciso darlles un tratamento unitario ás consecuencias dos ilícitos disciplinarios.

En segundo lugar, a lei precisou o que debe ser o ámbito material de aplicación do Código penal militar aos membros da Garda Civil, ao considerar que moitos dos tipos penais que este recolle resultan, en circunstancias cotiás, de nula ou escasa aplicabilidade aos integrantes dun corpo cuxas funcións ordinarias están maioritariamente asociadas ao ámbito policial, e non ao castrense.

De aí que a aplicabilidade do Código penal militar, na súa integridade, ao corpo da Garda Civil, pase a quedar circunscrita a aquelas situacións extraordinarias que, pola súa propia natureza, exixen esta suxeición, como acontece en tempo de guerra, durante a vixencia do estado de sitio e no cumprimento de misións de carácter militar, ou cando o persoal deste corpo se integre en unidades militares.

Finalmente, e dentro xa do marco do réxime disciplinario estrito recollido na Lei, deben salientarse determinadas novidades que reflicten o empeño por mellorar os elementos materiais e procedementais deste modelo disciplinario, obxectivo que se manifesta, por exemplo, a través da clarificación efectuada na descrición da maioría das condutas que constitúen o catálogo de faltas, ou por medio da actualización realizada no catálogo de sancións aplicables.

### III

O título I iníciase proclamando, no seu artigo primeiro, o obxecto do réxime disciplinario da Garda Civil, e faino ampliándoo, expresamente, á defensa da Constitución como unha mostra máis da subordinación e acatamento que calquera da institucións e corpos do Estado ten que amosar cara á norma fundamental e fundamentadora do noso modelo de Estado, pero tamén, e moi especialmente, para subliñar o carácter normativo do noso texto fundamental, cuxos principios e preceptos deben presidir as actuacións e as relacións de servizo do instituto.

O título II, dedicado ás faltas e ás sancións, incorporou novidades substanciais, como acontece no catálogo de infraccións, ben para perfilar certos tipos ben para lles dar entrada a outros, en función da experiencia adquirida na aplicación da lei e de acordo coas directrices xurisprudenciais. Mostras disto son, por exemplo, a introdución do concepto xurisprudencial da falta de abandono do servizo, ou a tipificación expresa, como faltas moi graves, de con-

duas constitutivas de acoso de natureza moral ou psicolóxica ou atentatorias contra a liberdade sexual. Incrementouse a protección do dereito fundamental de asociación e precisáronse as actuacións que excedan os límites legais do seu exercicio. Igualmente, refórzase a integridade e exemplaridade do corpo proscribindo condutas que resultan por completo incompatibles, social e profesionalmente, coa imaxe deste, como son as relacionadas co consumo de drogas, alcohol e outras substancias tóxicas.

Sen dúbida ningunha, a xa mencionada desaparición do arresto do cadro de sancións disciplinarias constitúe unha das innovacións máis significativas desta lei. Por outra banda, e co fin de superar un tratamento distinto entre os membros da Garda Civil e o resto de funcionarios da Administración xeral do Estado, tamén se considerou oportuno elevar de un a seis anos a duración máxima da sanción de suspensión de emprego, para aqueles casos en que fose imposta pola comisión dunha falta moi grave.

Finalmente, resulta innovadora a regulación do réxime disciplinario aplicable aos alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil, que, con inadecuada sistemática, viña tendo acomodo nunha disposición adicional da Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, e que agora queda desenvolta ao longo do articulado da lei, de maneira máis adecuada á realidade e ao réxime destes alumnos dentro do corpo.

Os cambios incorporados no título III, relativo ao exercicio da potestade disciplinaria, son, igualmente, froito do obxectivo de equilibrar os intereses da institución e o respecto ás garantías das persoas que a integran.

O título IV, que desenvolve o procedemento sancionador, recolle dentro das súas disposicións xerais de carácter procedemental as garantías e dereitos que asisten os interesados en todos os procedementos disciplinarios, incluídos os instruídos por falta leve, co cal se supera un baleiro existente ao respecto na normativa anterior. Así mesmo, determínase o contido da orde de inicio do procedemento para desterrar calquera indicio de indefensión e substitúese o anterior procedemento oral, para a sanción de faltas leves, por un novo simplificado de carácter escrito.

Finalmente cómpre destacar que, aínda que se mantén a estrutura dos expedientes sancionadores, se incorporaron unha serie de novidades destacables: por un lado, introdúcese a conformidade do expedientado coa responsabilidade que se impute no prego de cargos; por outro, o principio de contradición na práctica das probas na segunda fase do procedemento, unha vez que foi formulado o escrito de acusación provisional que constitúe o prego de cargos, en liña co mantido na recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional e da Sala Quinta do Militar do Tribunal Supremo. E todo isto unido á desaparición do termo «gubernativo», ao se considerar anacrónico para referirse aos procedementos por faltas moi graves.

No que atinxe á execución das sancións, obxecto do título V, mantense e refórzase o carácter executivo das resolucións sancionadoras, ao tempo que se establece o criterio da gravidade para resolver a orde de execución nos supostos de concorrencia de sancións. No relativo á anotación e cancelación de sancións faise desaparecer, como requisito obstativo, a tramitación de procedementos xudiciais e disciplinarios anteriores á falta que se pretende cancelar e prevese, respecto ás faltas leves canceladas, a súa completa desaparición da documentación dos interesados.

No título VI destaca a eliminación do segundo recurso de alzada contra as sancións leves, carente de sentido ao terse elevado o limiar xerárquico dos órganos con competencias revisoras, así como a innovadora posibilidade de interpor o recurso contencioso-disciplinario militar ordinario contra os actos que impuxeren sancións por falta leve.

Esta lei conclúe cunha serie de disposicións en que, entre outros aspectos, se determina, expresamente, o

marco normativo de aplicación supletoria; se concretan os deberes de colaboración entre o Rexistro Central de Penados e Rebeldes e a potestade disciplinaria; e, finalmente, se precisan as modificacións puntuais e necesarias, xa citadas neste preámbulo, que se introduciron tanto no Código penal militar coma na Lei de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, todo isto co obxectivo de actualizar o marco xurídico regulador do instituto armado, de maneira específica, pero tamén acorde co proceso de modernización que atravesa o réxime estatuario do resto de servidores públicos.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O réxime disciplinario da Garda Civil, regulado nesta lei, ten como obxecto garantir o cumprimento da misión encomendada á Garda Civil de acordo coa Constitución e o correcto desempeño das funcións que ten asignadas no resto do ordenamento xurídico.

#### Artigo 2. *Ámbito persoal de aplicación.*

1. Están suxeitos a esta lei os membros da Garda Civil que se encontren en calquera das situacións administrativas en que se manteñan dereitos e obrigas inherentes á condición de garda civil.

2. Os alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil estarán suxeitos ao previsto nesta lei na medida en que lles sexa de aplicación, sen prexuízo da observancia das normas específicas de carácter académico.

#### Artigo 3. *Responsabilidade civil e penal.*

O réxime disciplinario regulado nesta lei enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorrer os membros da Garda Civil, que se fará efectiva na forma prevista nas correspondentes disposicións legais.

#### Artigo 4. *Tramitación de procedemento penal polos mesmos feitos.*

A iniciación dun procedemento penal contra membros da Garda Civil non impedirá a incoación e tramitación de expedientes disciplinarios polos mesmos feitos. Non obstante, a resolución definitiva destes procedementos sancionadores só se poderá producir cando a ditada no ámbito penal sexa firme, vinculando a declaración de feitos probados.

## TÍTULO II

### Faltas e sancións

#### CAPÍTULO I

### Faltas disciplinarias

#### Artigo 5. *Faltas disciplinarias.*

Constitúe falta disciplinaria toda acción ou omisión prevista como tal nesta lei.

#### Artigo 6. *Clases de faltas.*

As faltas poderán ser moi graves, graves e leves.

#### Artigo 7. *Faltas moi graves.*

Son faltas moi graves, sempre que non constitúan delito:

1. O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio das súas funcións e a realización de actos irrespectuosos ou a emisión pública de expresións ou manifestacións contrarias ao ordenamento constitucional ou ao Rei e ás demais institucións por ela recoñecidas.

2. A violación da neutralidade ou independencia política ou sindical no desenvolvemento da actuación profesional.

3. A promoción ou pertenza a partidos políticos ou a sindicatos, ademais do desenvolvemento de actividades políticas ou sindicais.

4. Toda actuación que supoña discriminación ou acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, orientación sexual, sexo, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

5. A obstaculización grave do exercicio dos dereitos fundamentais ou das liberdades públicas.

6. O trato inhumano, degradante ou vexatorio ás persoas que se encontren baixo a súa custodia ou coas cales se relacionen por razón do servizo.

7. O abuso de atribucións que lles cause dano grave aos cidadáns, a entidades con personalidade xurídica, aos subordinados ou á Administración.

8. A realización reiterada, no marco dunha relación de servizo, de actos de acoso psicolóxico ou hostilidade.

9. A omisión de auxilio urxente, naqueles feitos ou circunstancias graves en que sexa obrigada a súa actuación ou cando se trate dun compañeiro en perigo.

10. A falta de colaboración manifesta cos demais membros das forzas e corpos de seguranza, cando resulte prexudicado gravemente o servizo ou se deriven consecuencias graves para a seguranza cidadá.

11. A falta de presentación ou posta a disposición inmediata na dependencia de destino ou na máis próxima, nos casos de declaración dos estados de alarma ou de excepción, así como, cando así se dispoña, en caso de alteración grave da seguranza cidadá ou en supostos de emerxencia grave de protección civil.

12. Non comparecer a prestar un servizo, ausentarse del ou desatendelo, cando pola súa natureza e circunstancias sexa de especial relevancia.

13. Cometer un delito doloso condenado por sentenza firme, relacionado co servizo, ou calquera outro delito que lles cause un dano grave á Administración, aos cidadáns ou ás entidades con personalidade xurídica.

14. A participación en folgas, en accións substitutivas destas ou en actuacións concertadas co fin de alterar o funcionamento normal do servizo.

15. A desobediencia grave ou a indisciplina fronte ás ordes ou instrucións dun superior, salvo que estas constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico.

16. A publicación ou utilización indebida de segredos oficiais, declarados así de acordo coa lexislación específica na materia.

17. Violar o segredo profesional cando afecte a defensa nacional ou a seguranza cidadá, prexudique o desenvolvemento do labor policial ou lles cause danos a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.

18. Desenvolver calquera actividade que vulnere as normas sobre incompatibilidades.

19. Alterar ou manipular os rexistros de imaxes ou sons obtidos con videocámaras.

20. Permitir o acceso de persoas non autorizadas ás imaxes ou sons obtidos por calquera medio lexítimo ou utilizar aquelas ou estes para fins distintos dos previstos legalmente.

21. Reproducir as imaxes e sons obtidos con videocámaras para fins distintos dos previstos legalmente.

22. Utilizar os medios técnicos regulados na normativa legal sobre videocámaras para fins distintos dos previstos nesta.

23. Prestar servizo en estado de embriaguez ou baixo os efectos de estupefacientes ou substancias tóxicas ou psicotrópicas ou o consumo destes durante o servizo.

24. A negativa inxustificada a someterse a un recoñecemento médico, proba de alcoholemia ou detección do consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias similares, lexítimamente ordenada pola autoridade competente, co fin de constatar a capacidade psico-física para prestar servizo.

25. A adopción de acordos manifestamente ilegais cando con isto se lles cause prexuízo á Administración, aos cidadáns ou a entidades con personalidade xurídica.

26. Cometer falta grave, tendo anotadas, sen cancelar, dúas faltas moi graves, ou unha grave e outra moi grave.

27. Non impedir que o persoal subordinado realice calquera acción ou omisión tipificada como falta moi grave nesta lei.

28. Inducir á comisión dalgunha das faltas previstas nos números anteriores.

#### Artigo 8. *Faltas graves.*

Son faltas graves, sempre que non constitúan delito ou falta moi grave:

1. A comisión de actos que atenten contra a dignidade das institucións ou poderes do Estado, das comunidades autónomas ou administracións locais, contra as persoas ou autoridades que os encarnan ou contra os seus símbolos; así como a observancia de condutas gravemente contrarias á dignidade da Garda Civil.

2. O abuso de autoridade no exercicio do cargo.

3. O impedimento, a dificultade ou a limitación aos cidadáns, aos subordinados ou ás entidades con personalidade xurídica, do exercicio dos dereitos que teñan recoñecidos.

4. Ordenarlles aos subordinados a execución de prestacións de tipo persoal alleas ao servizo ou ditarlles ordes aos cidadáns non relacionadas co servizo.

5. A falta de subordinación.

6. A desconsideración grave cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns no exercicio das súas funcións, con ocasión delas ou vestindo de uniforme.

7. A falta de colaboración manifesta con outros membros das forzas e corpos de seguranza.

8. A violación do segredo profesional.

9. A emisión de informes ou partes do servizo que non se axusten á realidade ou a desvirtúen.

10. Non comparecer a prestar un servizo, ausentarse del, ou desatendelo.

11. A falta de prestación do servizo amparándose nunha suposta enfermidade, así como a prolongación inxustificada da baixa para este.

12. A perturbación grave do servizo.

13. A falta voluntaria e manifesta de rendemento que afecte o funcionamento normal dos servizos.

14. A intervención nun procedemento administrativo cando se dea algunha das causas de abstención legalmente sinaladas.

15. O incumprimento dos prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando non supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade.

16. Instalar ou ordenar instalar videocámaras fixas ou medios técnicos análogos para fins previstos pola lei sen cumprir todos os requisitos legais.

17. Incumplir as condicións ou limitacións fixadas na resolución pola cal se autorizou a obtención de imaxes e sons polo medio técnico autorizado.

18. Utilizar ou ordenar utilizar videocámaras móbiles sen cumprir todos os requisitos exixidos pola lei.

19. Conservar as gravacións licitamente efectuadas con videocámaras ou medios técnicos análogos por máis tempo ou fóra dos casos permitidos pola lei, ou cedelas ou copias cando a lei o prohíbe.

20. Calquera outra infracción á normativa legal sobre a utilización de medios técnicos de captación de imaxes e sons polas forzas e corpos de seguranza en lugares públicos.

21. Calquera reclamación, petición ou manifestación contrarias á disciplina debida na prestación do servizo ou baseadas en aseveracións falsas, ou formulalas con carácter colectivo.

22. Facer reclamacións ou peticións con publicidade ou a través dos medios de comunicación social.

23. A ostentación ou utilización de armas sen causa xustificada, así como o seu uso en acto de servizo ou fóra del infrinxindo os principios e normas que regulan o seu emprego.

24. Causar dano grave na conservación dos locais, material ou demais elementos relacionados co servizo ou dar lugar, por negligencia inescusable, á súa deterioración, perda, extravío ou subtracción.

25. Usar para fins propios, subtraelos para outro fin ou facilitarlles a terceiros recursos, medios ou información de carácter oficial con grave prexuízo para a Administración.

26. A embriaguez ou o consumo de estupefacientes ou substancias tóxicas ou psicotrópicas fóra do servizo, cando tales circunstancias teñan carácter habitual ou afecten a imaxe da Garda Civil ou da función pública. Entenderase que existe habitualidade canto estiveren acreditados tres ou máis episodios de embriaguez ou consumo das substancias referidas nun período dun ano.

27. A superación, ao inicio ou durante a prestación do servizo, dunha taxa de alcohol en sangue superior a 0,3 gramos por litro ou de alcohol en aire expirado superior a 0,15 miligramos por litro.

28. A tenza de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou similares, agás que esa tenza derive de actuacións propias do servizo.

29. A condena en virtude de sentenza firme por un delito doloso, sempre que non constituía unha infracción moi grave, ou por unha falta dolosa cando a infracción penal cometida estea relacionada co servizo ou lles cause dano á Administración ou aos administrados.

30. Non impedir, no persoal subordinado, calquera acción ou omisión tipificada como falta grave nesta lei.

31. A promoción, o alento ou a participación en calquera rifa ou altercado graves entre compañeiros.

32. Cometer falta leve, tendo anotadas, sen cancelar, dúas faltas graves, ou dúas faltas moi graves ou unha grave e outra moi grave, ou tres faltas cando polo menos unha delas sexa grave ou moi grave.

33. A negligencia grave no cumprimento das obrigas profesionais ou das ordes recibidas.

34. Eludir a tramitación ou resolución de calquera asunto profesional ou omitir conscientemente unha actuación a que estea obrigado pola súa función, destino ou cargo.

35. A indución á comisión dalgunha das faltas previstas nos números anteriores.

36. O encubrimento da comisión dunha falta moi grave.

37. A infracción de calquera outro deber ou obriga legal ou regulamentariamente establecida que resulte inherente ao cargo ou á función, cando se produza de forma grave e manifesta.

38. A negativa a tramitar unha denuncia formulada nunha lingua oficial.

#### Artigo 9. *Faltas leves.*

Son faltas leves, agás que constitúan falta grave ou moi grave:

1. A desconsideración ou incorrección cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns no exercicio das funcións, con ocasión daquelas ou vestindo de uniforme.

2. Non comparecer a prestar un servizo, ausentarse del, desatendelo ou colocarse na situación de non ser localizado para prestalo.

3. O atraso, a negligencia ou a inexactitude no cumprimento dos deberes ou obrigas, das ordes recibidas, ou das normas de réxime interior, ademais da falta de rendemento no desempeño do servizo habitual.

4. A infracción das normas sobre o deber de residencia, a desatención do chamamento para a prestación dun servizo, a non incorporación á súa unidade coa maior prontitude posible cando sexa requirido para iso, así como a non comunicación á súa unidade do domicilio ou os datos precisos para a súa localización ou a colocación en situación de non ser localizado.

5. A indiscreción en calquera asunto do servizo.

6. O incumprimento das directrices ou pautas formativas durante a instrución ou preparación para o desempeño do labor profesional.

7. O incumprimento do horario de servizo ou a falta de puntualidade nos actos de servizo, sen causa que o xustifique.

8. A omisión do conduto regulamentario para formular calquera solicitude, reclamación ou queixa relacionadas co servizo.

9. O mal uso ou o descoido na conservación dos locais, do material e dos demais elementos dos servizos, así como o incumprimento das normas dadas nesta materia.

10. O descoido no aseo persoal ou o incumprimento das normas ou instrucións de uniformidade, así como ostentar sobre o uniforme calquera insignia, condecoración ou distintivo sen estar autorizado.

11. Asistir de uniforme, estando fóra de servizo, a calquera lugar ou establecemento incompatible coa condición de garda civil.

12. A omisión intencionada do saúdo a un superior, non devolverllo a un igual ou inferior e o inexacto cumprimento das normas que o regulan.

13. Calquera clase de xogo que se realice en dependencias oficiais sempre que prexudique a prestación do servizo ou menoscabe a imaxe da institución.

14. Non impedir, no persoal subordinado, calquera conduta tipificada como falta leve nesta lei.

15. O trato de forma incorrecta ou desconsiderada aos subordinados.

16. A invasión, sen razón xustificada, das competencias atribuídas aos subordinados.

17. A falta de dilixencia na tramitación das denuncias, peticións ou reclamacións, e tamén a súa non tramitación cando fosen formuladas en debida forma.

18. A falta de respecto ou as réplicas desatentas a un superior.

19. A promoción, o alento ou a participación en calquera rifa ou altercado entre compañeiros.

20. A indución á comisión dalgunha das faltas previstas nos números anteriores.

21. O encubrimento da comisión dunha falta grave ou leve; neste último caso sancionárase coa sanción de represión.

## CAPÍTULO II

### Sancións disciplinarias

#### Artigo 10. *Finalidade das sancións.*

As sancións disciplinarias teñen como finalidade corrixir comportamentos prexudiciais para o servizo ou para os cidadáns, ou lesivos para o funcionamento da institución.

#### Artigo 11. *Sancións disciplinarias.*

1. As sancións que se poden impor por faltas moi graves son:

Separación do servizo.

Suspensión de emprego desde tres meses e un día ata un máximo de seis anos.

Perda de postos no escalafón.

2. As sancións que se poden impor por faltas graves son:

Suspensión de emprego de un mes a tres meses.

Perda de cinco a vinte días de haberes con suspensión de funcións.

Perda de destino.

3. As sancións que se poden impor por faltas leves son:

Represión.

Perda de un a catro días de haberes con suspensión de funcións.

#### Artigo 12. *Separación do servizo.*

A separación do servizo suporá para o sancionado a perda da condición de militar de carreira da Garda Civil, perdendo os dereitos profesionais adquiridos agás os dereitos pasivos consolidados.

#### Artigo 13. *Suspensión de emprego.*

1. A sanción de suspensión de emprego implicará o pase á situación administrativa do mesmo nome cos efectos económicos inherentes a esta situación e privará o interesado de todas as funcións propias deste polo período que se determine.

2. Tamén producirá o efecto de quedar inmovilizado o infractor no seu posto e emprego que ocupe, e o tempo transcorrido non será de aboamento para o servizo.

3. Concluída a suspensión, finalizará a inmovilización no emprego e a perda de postos será definitiva.

4. Cando a sanción de suspensión de emprego teña unha duración superior a seis meses, determinará o cesamento no destino que viña ocupando o infractor, así como a imposibilidade de obter outro, durante un período de dous anos, na mesma unidade ou especialidade que determine a resolución sancionadora.

#### Artigo 14. *Perda de postos no escalafón.*

A perda de postos no escalafón suporá para o sancionado o atraso na orde de escalafonamento, dentro do seu

emprego, do número de postos que se determine na resolución do expediente, que en ningún caso poderá ser superior a un quinto nin inferior a un décimo do número dos compoñentes do seu emprego.

#### Artigo 15. *Perda de destino.*

A sanción de perda de destino supón o cesamento no que viñese ocupando o infractor, quen, durante dous anos, non poderá solicitar outro na mesma unidade ou especialidade que determine, de maneira motivada e atendendo á relación directa coa infracción cometida, a resolución sancionadora.

#### Artigo 16. *Perda de haberes con suspensión de funcións.*

A perda de haberes con suspensión de funcións supón a perda das retribucións correspondentes aos días obxecto de sanción e a suspensión de funcións correspondentes aos días da súa duración.

#### Artigo 17. *Reprensión.*

1. A reprensión é a reprobación expresa que, por escrito, lle dirixe ao subordinado a autoridade competente para impola.

2. Non constitúe sanción disciplinaria a advertencia ou amonestación verbal que, para o mellor cumprimento das obrigas e servizos, poida facerlle o superior ao subordinado no exercicio do mando.

#### Artigo 18. *Aplicación do réxime disciplinario aos alumnos de centros docentes de formación.*

1. A aplicación do réxime disciplinario aos alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil rexeráse polas normas contidas neste artigo.

2. A aqueles alumnos do centro docente que xa foren membros da Garda Civil resultaranlles de aplicación as sancións previstas con carácter xeral no artigo 11, aínda que as sancións de separación do servizo, suspensión de emprego e perda de destino comportarán a perda da condición de alumno no centro docente, que terá, para estes casos, o carácter de accesoria.

3. Ao resto dos alumnos só se lles poderán impor as sancións seguintes:

- a) Pola comisión de faltas graves e moi graves:  
Suspensión de haberes e servizos de cinco a vinte días.  
Baixa como alumno no centro docente.
- b) Pola comisión de faltas leves:  
Reprensión.  
Suspensión de haberes e servizos de un a catro días.

4. A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario a un alumno poderá impedir, tendo en conta a natureza e a gravidade dos feitos, que o interesado sexa declarado apto no curso académico correspondente. Mentres non sexa firme en vía penal ou disciplinaria a resolución que naqueles procedementos se dite, e sen prexuízo dos efectos que desta puideren derivar, poderá acordarse motivadamente que quede en suspenso o primeiro emprego obtido polo alumno e, consecuentemente, a súa condición de garda civil.

5. As sancións cumpriranse sen prexuízo da participación do alumno nas actividades de carácter académico.

6. A sanción de baixa como alumno do centro docente supón a perda da condición de alumno do centro e do emprego que alcanzase con carácter eventual, sen

que afecte a condición de garda civil que puidese ter antes de ser nomeado alumno.

7. A sanción de suspensión de haberes e servizos supón a perda das retribucións correspondentes aos días obxecto de sanción e a suspensión de servizos polo mesmo período.

#### Artigo 19. *Criterios de graduación das sancións.*

As sancións que se impoñan en exercicio da potestade sancionadora atribuída por esta lei gardarán proporción coa gravidade e as circunstancias das condutas que as motiven e individualizaranse atendendo ás vicisitudes que concorran nos autores e ás que afecten o interese do servizo.

Para a graduación da sanción que se vaia impor, e actuando baixo o principio de proporcionalidade, teranse en conta os criterios seguintes:

- a) A intencionalidade.
- b) A reincidencia, sempre que non constituía unha falta en si mesma.
- c) O historial profesional, que, para estes efectos, só se poderá valorar como circunstancia atenuante.
- d) A incidencia sobre a seguranza cidadá.
- e) A perturbación no funcionamento normal da Administración ou dos servizos que lle estean encomendados.
- f) O grao de afectación da falta cometida aos principios de disciplina, xerarquía, subordinación, así como á imaxe da institución.
- g) No caso dos artigos 7, número 13, e 8, número 29, valorarase especificamente a contía ou a entidade da pena imposta en virtude de sentenza firme, así como a relación da conduta delituosa coas funcións e tarefas asignadas.

### CAPÍTULO III

#### **Extinción da responsabilidade disciplinaria**

#### Artigo 20. *Causas de extinción.*

1. A responsabilidade disciplinaria extínguese polo cumprimento da sanción, pola prescrición da falta ou da sanción e polo falecemento do interesado.

2. Se durante a substanciación dun procedemento sancionador o interesado deixar de estar sometido a esta lei, ditarase unha resolución que ordene o arquivo do expediente con invocación da súa causa. De o expediente instruírse por falta moi grave e o interesado volver quedar suxeito a esta lei, acordarase a reapertura do procedemento, sempre que non transcorresen catro anos desde que se produciu a causa que motivou o arquivo das actuacións.

#### Artigo 21. *Prescrición das faltas.*

1. As faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde que se cometeu a falta. De o procedemento se ter iniciado por calquera das faltas disciplinarias derivadas de condena por sentenza penal, a prescrición comezará a computarse desde que a sentenza sexa firme e, en calquera caso, desde a data en que se acorde o arquivo da executoria penal.

3. A notificación ao interesado do acordo de inicio de calquera procedemento disciplinario interromperá os prazos de prescrición establecidos no punto primeiro deste artigo, que volverán correr de non se teren concluído no tempo máximo establecido nesta lei.

4. Os prazos de prescrición das faltas graves e moi graves quedarán interrompidos cando calquera dos feitos integrantes desas faltas ou vinculados con eles sexan obxecto de procedemento xudicial penal. Estes prazos volverán correr cando o órgano xudicial competente adopte unha resolución firme.

#### Artigo 22. *Prescrición das sancións.*

1. As sancións impostas por faltas moi graves prescibirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por falta leve ao ano.

Estes prazos comezarán a computarse desde o día en que se lle notifique ao interesado a resolución sancionadora ou desde que se quebrantase o seu cumprimento, de ter comezado.

2. A prescrición interromperase cando se suspenda o cumprimento da sanción nos casos previstos nesta lei.

### TÍTULO III

## Potestade disciplinaria e competencia sancionadora

### CAPÍTULO I

#### Da potestade disciplinaria

#### Artigo 23. *Atribución da potestade disciplinaria.*

1. Correspóndelles a potestade disciplinaria ás autoridades e mandos dos ministerios de Defensa e do Interior, nos termos establecidos nesta lei.

2. Terán a facultade de instar o exercicio da potestade disciplinaria ante o director xeral da Policía e da Garda Civil as autoridades baixo cuxa dependencia funcional presten servizo os membros do corpo da Garda Civil.

#### Artigo 24. *Exercicio da potestade disciplinaria.*

1. Todo mando ten o deber de corrixir as infraccións que observe nos de inferior emprego, aínda que non lle estean directamente subordinados, sen que isto supoña sanción ningunha. Se, ademais, as considera merecedoras de sanción, formulará un parte disciplinario ou acordará o inicio do procedemento sancionador que corresponda, se tiver competencia para isto.

2. Se a natureza e as circunstancias da falta exixen unha acción inmediata para manter a disciplina, evitar un posible prexuízo grave ao servizo ou á boa imaxe da institución, calquera superior poderá ordenar que o presunto infractor se presente de maneira inmediata na unidade, centro ou organismo que constituía o seu destino e poderá, ademais, dispor o cesamento deste nas súas funcións habituais por un prazo de ata catro días, na espera da posterior decisión do mando competente para acordar o inicio do oportuno procedemento sancionador, a quen informará de modo inmediato da decisión adoptada.

#### Artigo 25. *Autoridades e mandos con competencia disciplinaria.*

Teñen potestade para sancionar os membros da Garda Civil:

- O ministro de Defensa.
- O director xeral da Policía e da Garda Civil.
- Os oficiais xenerais con mando sobre unha unidade, centro ou organismo da Garda Civil.
- Os oficiais xefes de zona, de servizo, organismo, xefatura ou dirección de centro docente de formación,

comandancia, sector, grupo de reserva e seguranza, xefes de estudo de centros docentes de formación e os de unidade, centro ou organismo de categoría similar.

e) Os oficiais xefes de compañía, subsector de tráfico, unidade orgánica de policía xudicial, ou unidade de categoría similar.

f) Os oficiais comandantes de posto principal, xefes de sección, destacamento de tráfico, ou unidade de categoría similar.

g) Os suboficiais comandantes de posto, xefes de destacamento de tráfico, grupo de investigación ou unidade de categoría similar.

### CAPÍTULO II

#### Competencia sancionadora

#### Artigo 26. *Procedemento.*

Unicamente se lles poderán impor sancións disciplinarias aos membros da Garda Civil en virtude dun expediente disciplinario instruído para o efecto, de acordo co disposto neste capítulo e cos procedementos regulados neste título.

#### Artigo 27. *Competencias do ministro de Defensa.*

Para a imposición da sanción de separación do servizo será competente o ministro de Defensa por proposta do ministro do Interior, conforme o previsto no punto primeiro do artigo 15 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza.

#### Artigo 28. *Competencias do director xeral da Policía e da Garda Civil.*

O director xeral da Policía e da Garda Civil poderá impor todas as sancións, agás a de separación do servizo.

#### Artigo 29. *Competencias dos oficiais xenerais con mando sobre unha unidade, centro ou organismo da Garda Civil.*

Os oficiais xenerais con mando sobre unha unidade, centro ou organismo da Garda Civil poderanlles impor aos membros do corpo que estean ás súas ordes as sancións por faltas leves e graves, agás a perda de destino.

#### Artigo 30. *Competencias doutros mandos.*

Os mandos da Garda Civil teñen competencia para impor as seguintes sancións:

1. Os oficiais xefes de zona, de servizo, organismo, xefatura ou dirección de centro docente de formación, comandancia, sector, grupo de reserva e seguranza, xefes de estudo de centros docentes de formación e os de unidade, centro ou organismo de categoría similar, aos membros do corpo que estean ás súas ordes, todas as sancións por faltas leves.

2. Os oficiais xefes de compañía, subsector de tráfico, unidade orgánica de policía xudicial ou unidade de categoría similar, aos membros da Garda Civil que estean ás súas ordes, repreñión e perda de ata dous días de haberes.

3. Os oficiais comandantes de posto principal, xefes de sección, destacamento de tráfico, ou unidade de categoría similar, aos membros da Garda Civil que estean ás súas ordes, repreñión e perda dun día de haberes.

4. Os suboficiais comandantes de posto, xefes de destacamento de tráfico, grupo de investigación ou uni-

dade de categoría similar, aos membros da Garda Civil que estean ás súas ordes, reprensión.

**Artigo 31. *Autoridades e mandos con competencias disciplinarias sobre alumnos que non teñan a condición de garda civil.***

1. A competencia para impor a sanción de baixa nun centro docente de formación corresponderalle ao subsecretario de Defensa, co informe previo do director do centro.

2. Corresponderanlles ao xeneral xefe de Ensino da Garda Civil, aos directores dos centros docentes de formación do instituto, aos xefes de unidade, centro ou organismo en que os alumnos estean completando a súa formación, e aos xefes de estudos e demais mandos con categoría de oficial dos centros docentes e unidades, a potestade e competencias sancionadoras establecidas no artigo 29 e nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 30 desta lei.

**Artigo 32. *Dependencia orgánica.***

Entenderase que están ás ordes das autoridades e mandos con potestade para impor sancións ou para iniciar o oportuno procedemento os gardas civís que ocupen destino ou o desempeñen en comisión de servizo na correspondente unidade, centro ou organismo.

**Artigo 33. *Competencias sobre o persoal sen destino.***

As faltas disciplinarias cometidas polo persoal que non ocupe destino serán sancionadas polo director adxunto operativo ou o oficial xeneral con mando na demarcación territorial en que o interesado fixe a súa residencia, salvo cando a competencia lle corresponda ao ministro de Defensa ou ao director xeral da Policía e da Garda Civil.

**Artigo 34. *Competencias sobre os vogais do Consello Asesor de Persoal.***

Correspóndelle en exclusiva ao director xeral da Policía e da Garda Civil a competencia para sancionar, agás con separación do servizo, as infraccións cometidas polos gardas civís que sexan vogais ou suplentes do Consello Asesor de Persoal da Garda Civil.

Esta competencia disciplinaria manterase durante os dous anos seguintes ao cesamento nos seus cargos.

**Artigo 35. *Competencias sobre o persoal que preste servizo no estranxeiro.***

A competencia para coñecer as faltas leves e graves cometidas polo persoal que preste servizo no estranxeiro correspóndelle, na falta doutros mandos que a teñan por aplicación das regras precedentes, ao director adxunto operativo. Esta competencia tamén poderá ser exercida polo director xeral da Policía e da Garda Civil.

**Artigo 36. *Competencias dos mandos interinos e accidentais.***

Os mandos interinos e accidentais terán as mesmas competencias sancionadoras que os titulares a que substitúan.

**Artigo 37. *Competencias dos xefes de unidades ou grupos temporais.***

Teñen potestade para lle impor sancións ao persoal ás súas ordes os xefes de unidades ou grupos temporais da

Garda Civil, calquera que sexa a denominación que reciban. O exercicio da potestade sancionadora, temporalmente circunscrita á duración da misión para a cal foron creadas estas unidades ou grupos, dependerá da súa entidade e do emprego que teñan os seus xefes conforme as regras contidas nos artigos anteriores.

## TÍTULO IV

### Procedemento sancionador

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

**Artigo 38. *Principios inspiradores do procedemento.***

O procedemento disciplinario axustarase aos principios de legalidade, impulso de oficio, imparcialidade, celeridade, eficacia, publicidade, contradición, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade, individualización das sancións e culpabilidade, e comprenderá esencialmente os dereitos á presunción de inocencia, información, defensa e audiencia.

**Artigo 39. *Inicio do procedemento.***

1. O procedemento iniciárase sempre de oficio por acordo do órgano competente, ben por iniciativa propia, ou en virtude de parte disciplinario, denuncia ou orde superior, ou por proposta dalgunha das autoridades que están facultadas para instar o exercicio da acción disciplinaria.

2. Os órganos competentes para a imposición dunha sanción tamén o son para ordenar a incoación do procedemento correspondente.

3. O acordo de inicio expresará os feitos que o motivan, a falta que presuntamente se cometeu, o artigo e o número en que se encontra tipificada, e o presunto responsable.

4. A incoación do procedemento notificaráselle ao interesado, así como, no caso de faltas graves ou moi graves, o nomeamento de instrutor e secretario, con indicación das persoas designadas para desempeñar estes cargos.

5. Con anterioridade ao acordo de inicio, a autoridade disciplinaria poderá ordenar a práctica dunha información reservada para o esclarecemento dos feitos, a determinación dos seus supostos responsables e a procedencia de iniciar ou non o procedemento sancionador.

**Artigo 40. *Parte disciplinario.***

1. Todo compoñente da Garda Civil que observe feitos que puideren constituír faltas imputables aos membros do mesmo, superior ou inferior emprego, deberalle formular parte á autoridade ou mando que teña competencia para coñecer da presunta falta observada, e informará seguidamente disto ao seu superior inmediato, salvo que este sexa o presunto infractor.

2. O parte conterá un relato claro dos feitos, as súas circunstancias, a identidade do presunto infractor, así como das testemuñas, e deberá expresar claramente a identidade de quen dá o parte e os datos necesarios para ser localizado.

3. A autoridade ou mando competente que reciba un parte notificará a súa recepción de inmediato, e informará o seu promotor da incoación ou non de procedemento disciplinario.

**Artigo 41. Denuncia.**

De iniciarse o procedemento como consecuencia de denuncia deberá comunicárselle o acordo ao asinante daquela. Así mesmo, comunicárselle o arquivo, se é o caso.

Non se tomará en consideración a denuncia anónima para darlle inicio a un procedemento disciplinario. Non obstante, a denuncia poderase utilizar como antecedente para acordar unha información reservada.

**Artigo 42. Dereito de defensa.**

1. No momento en que se notifique a apertura do procedemento, informárase o interesado do dereito que o asiste para non declarar, para non facelo contra si mesmo, para non confesarse culpable e á presunción de inocencia. Tamén será informado do dereito á asistencia legal contido no número seguinte.

2. O interesado poderá contar, en todas as actuacións a que dea lugar calquera procedemento, co asesoramento e a asistencia dun avogado en exercicio ou dun garda civil que elixa para o efecto. De optarse por esta segunda posibilidade, as autoridades e mandos correspondentes facilitaránlle, ao designado, a asistencia ás comparecencias persoais do interesado perante as autoridades disciplinarias ou instrutores dos expedientes, e o seu asesoramento será sempre voluntario, sen que tal designación confira dereito ningún ao resarcimento polos gastos que puideren derivar da asistencia. Os honorarios do letrado designado serán por conta do interesado.

3. O interesado, de solicitálo así, poderá coñecer, en calquera momento, o estado de tramitación do procedemento, e daráselle vista deste nos lugares e durante o horario que se sinala; poderá obter unha copia das actuacións practicadas, sempre que non lle fosen facilitadas con anterioridade.

**Artigo 43. Cómputo dos prazos.**

1. Cando os prazos establecidos en materia de procedemento e de recursos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos.

2. Cando o prazo se exprese en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. Se no mes de vencemento non houber día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

3. Os prazos expresados en días contaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

4. O cómputo dos prazos será suspendido polo instrutor, mediante acordo motivado, polo tempo imprescindible, cando, por causa imputable ao interesado, non sexa posible a práctica dentro daqueles dalgunha dilixencia precisa para a resolución dos procedementos ou a notificación de calquera trámite. Contra o devandito acordo non se poderá interpor recurso de maneira separada do que se puiden formular contra a resolución do procedemento.

**Artigo 44. Práctica de notificacións.**

1. As notificacións practicaranse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado, así como da data, a identidade e o contido do acto. A acreditación da notificación efectuada incorporárase ás actuacións.

2. Cando o interesado rexeite a notificación dunha resolución ou dun acto de trámite, farase constar nas actuacións, especificándose as circunstancias do intento de notificación, terase por efectuado este e seguirase o procedemento.

3. Cando non se poida practicar unha notificación, por non ser localizado o interesado na súa unidade de destino ou encadramento, ou no seu domicilio declarado, a notificación efectuarase por medio de edictos no taboleiro de anuncios da súa unidade de destino ou encadramento e no «Boletín Oficial da Garda Civil», continuándose as actuacións. O trámite de notificación domiciliaria entenderase cumprido unha vez efectuados, no prazo de tres días, dous intentos levados a cabo en momentos diferentes.

**Artigo 45. Impulso e tramitación.**

1. Os procedementos sancionadores seguiranse por escrito e impulsaranse de oficio en todos os seus trámites.

2. As comunicacións entre as autoridades, mandos e órganos que interveñan na tramitación efectuaranse directamente, sen traslados intermedios. Estas comunicacións e as que deban ter lugar cos interesados realizaranse, no posible, a través de medios ofimáticos e telemáticos, sempre que reúnan os requisitos exixidos en materia de comunicacións electrónicas.

3. Todos os órganos das administracións públicas prestarán, dentro das súas respectivas competencias e de acordo coa normativa pola cal se rexan, a colaboración que lles sexa requirida durante a tramitación dos procedementos sancionadores.

**Artigo 46. Disposicións comúns en materia de proba.**

1. Os feitos relevantes para a decisión do procedemento deberanse acreditar mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

2. A práctica das probas admitidas, así como das acordadas de oficio polo instrutor, notificaráselle previamente ao interesado, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, indicándolle o lugar, a data e a hora en que deba realizarse, e será advertido de que pode asistir a ela e intervir nesta asistido polo seu avogado.

3. O instrutor poderá denegar a práctica das probas que considere impertinentes ou inútiles ou que non garden relación cos feitos. A denegación será motivada e contra ela non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que se poida facer valer a denegación indevida de medios de proba no recurso que proceda fronte á resolución do expediente.

4. As probas que se practiquen durante a tramitación do expediente realizaranse, en todo caso, respectando o principio de inmediatez e o dereito do interesado de asistir a elas.

**Artigo 47. Resolución final do procedemento.**

1. A resolución que lle poña fin ao procedemento deberá ser motivada e fundada unicamente nos feitos que serviron de base ao acordo de inicio ou, de ser o caso, ao prego de cargos; resolverá todas as cuestións suscitadas e fixará con claridade os feitos constitutivos da infracción, a súa cualificación xurídica, o responsable dela e a sanción que se impón, precisando, cando sexa necesario, as circunstancias do seu cumprimento e facendo expresa declaración verbo das medidas provisionais adoptadas durante a tramitación. Igualmente, fará mención da proba practicada e, de ser o caso, denegada, sinalando, respecto desta, os motivos concretos da súa non admisión.

2. A resolución do procedemento notificaráselle ao interesado e a quen formulase o parte ou a denuncia, con indicación dos recursos que procedan contra ela, así como o órgano ante o cal deben presentarse e os prazos para interposos.

3. Do mesmo xeito, comunicaráselle a resolución á autoridade disciplinaria que ordenase o inicio do procedemento ou instase o exercicio da potestade disciplinaria, ao xefe da unidade a que pertenza o interesado e ao director xeral da Policía e da Garda Civil.

**Artigo 48. *Comunicación de infraccións penais ou administrativas.***

En calquera momento do procedemento en que se aprecie, motivadamente, que a presunta infracción disciplinaria puider ser cualificada como infracción administrativa doutra natureza ou como infracción penal, logo de audiencia do interesado, porase en coñecemento da autoridade que ordenase a incoación para a súa comunicación á autoridade administrativa ou xudicial ou ao Ministerio Fiscal.

**Artigo 49. *Consideración dos feitos como falta de maior gravidade.***

1. Cando no desenvolvemento do procedemento se considere, motivadamente, que os feitos xulgados puideren ser constitutivos dunha falta de maior gravidade ca a apreciada inicialmente, a autoridade que acordase a incoación do procedemento, logo de audiencia ao interesado, ditará resolución e remitirá as actuacións á competente para dispor a apertura do expediente que corresponda. A resolución adoptada seralle notificada ao interesado.

2. Contra esta resolución non caberá recurso de maneira separada do que se puider interpor contra a resolución definitiva do procedemento pola falta de maior gravidade.

## CAPÍTULO II

### Procedemento por faltas leves

**Artigo 50. *Inicio e tramitación.***

1. O acordo polo cal se inicie o procedemento notificaráselle ao interesado, quen, nos cinco días seguintes, poderá presentar un escrito de oposición, propor as probas que considere necesarias para a súa defensa e presentar os documentos que considere convenientes.

2. O acordo de inicio deberá incorporar a designación do instrutor e indicar expresamente os dereitos que asisten o interesado, incluída a recusación de quen instrúa o procedemento, advertíndoo de que, se non formula oposición ou non propón a práctica de proba, poderá resolverse o expediente sen máis trámite.

3. De o interesado ter proposto proba, a autoridade ou mando competente ditará resolución motivada sobre a súa procedencia, e disporá o necesario para a súa práctica. O instrutor designado practicará as dilixencias que fosen admitidas para a comprobación dos feitos, obtendo as declaracións, informes e documentos pertinentes e as que se deduzan daquelas.

Cando o inicio do procedemento o dispuxese algunha das autoridades citadas nos artigos 28, 29 ou 30 desta lei, encomendaráselle a súa instrución, na mesma resolución, a un subordinado sempre que teña, cando menos, o emprego de oficial.

4. Da proba practicada e das demais actuacións que conformen o procedemento, daráselle vista ao interesado

para que, no prazo de cinco días, poida formular as alegacións que conveñan ao seu dereito.

5. A resolución que se adopte en materia de proba notificaráselle ao interesado. Fronte a esta resolución non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que se poida facer valer a denegación indebida de medios de proba no recurso que proceda fronte á resolución do expediente.

6. A tramitación do procedemento deberá completarse dentro do prazo de dous meses desde o acordo de inicio.

**Artigo 51. *Terminación.***

A resolución que lle poña fin ao procedemento deberá ditarse conforme o previsto no artigo 47 desta lei.

## CAPÍTULO III

### Procedemento por faltas graves e moi graves

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> INICIACIÓN

**Artigo 52. *Nomeamento de instrutor e secretario.***

1. A autoridade que ordene a incoación do procedemento designará un instrutor, ao cargo do cal correrá a súa tramitación, e un secretario que o asista.

2. O nomeamento de instrutor recaerá nun oficial xeneral ou oficial destinado na Garda Civil de emprego superior ou máis antigo ca calquera dos infractores. Poderá ser nomeado secretario calquera membro da Garda Civil coa formación adecuada.

3. Deberá notificárselle ao interesado a incoación do procedemento e o nomeamento de instrutor e secretario.

**Artigo 53. *Abstención e recusación.***

1. A recusación poderase presentar desde o momento en que o interesado teña coñecemento dos que sexan designados instrutor e secretario.

2. A abstención e a recusación formularanse perante a autoridade que acordou o nomeamento, contra a resolución do cal non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que se poida facer valer a causa de recusación nos recursos que se interpoñan.

**Artigo 54. *Medidas preventivas.***

1. Cando o procedemento se tramite pola comisión de falta grave, e se a natureza e circunstancias desta exixiren unha acción inmediata para manter a disciplina ou evitar prexuízo ao servizo, a autoridade que acordase a incoación do expediente poderá dispor o cesamento do expedientado en todas ou nalgunhas das súas funcións habituais por un período máximo de tres meses, computando, de ser o caso, o tempo de cesamento que cumprise por determinación dos seus xefes directos de acordo co disposto no artigo 24.

2. Cando o procedemento se tramite pola comisión de falta moi grave, e se a natureza e circunstancias desta exixiren unha acción inmediata para manter a disciplina ou evitar prexuízo ao servizo, o director xeral da Policía e da Garda Civil, co informe previo do asesor xurídico, poderá, ademais de acordar o cesamento de funcións previsto no número anterior, propor o pase do interesado á situación de suspenso de funcións e o cesamento no destino.

3. Contra estas medidas o interesado poderá interpor directamente recurso contencioso-disciplinario militar preferente e sumario.

4. En calquera fase do procedemento o instrutor do expediente poderalle propor á autoridade que as acordase, de oficio ou por instancia do interesado e de forma motivada, o levantamento das medidas preventivas.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DESENVOLVEMENTO

##### Artigo 55. *Prazos de instrución.*

O procedemento respectará os prazos establecidos, sen que a instrución do expediente poida exceder os seis meses.

##### Artigo 56. *Tramitación.*

1. O instrutor procederá a tomarlle declaración ao inculpado, para o cal o citará a través do xefe da súa unidade de destino ou encadramento, e ordenará a práctica de cantas dilixencias sexan precisas para esclarecer os feitos e determinar as responsabilidades susceptibles de sanción.

2. Todos os organismos e dependencias das administracións públicas estarán obrigados a lle facilitar ao instrutor os antecedentes e informes necesarios para o desenvolvemento da súa actuación, que se solicitarán pola vía e na forma adecuada, salvo precepto legal que o impida.

##### Artigo 57. *Prego de cargos.*

1. Unha vez practicadas as actuacións e as dilixencias a que se refire o punto primeiro do artigo anterior, o instrutor formulará, de haber lugar a isto, o correspondente prego de cargos, que comprenderá todos os feitos imputados, a cualificación xurídica e a sanción que se estime procedente.

2. O instrutor poderase apartar, motivadamente, dos feitos expresados no acordo de inicio, pero non incluírá outros que non garden relación directa cos contidos nel.

3. O instrutor deberá propor, no momento de elaborar o prego de cargos, á vista do resultado das actuacións practicadas, o mantemento ou o levantamento da medida de cesamento en todas ou nalgunhas das súas funcións habituais que, de ser o caso, se tiver adoptado.

4. Cando o expediente se incoe polas faltas disciplinarias derivadas de condena por sentenza penal, xuntaráselle ao prego de cargos a sentenza condenatoria.

5. O prego de cargos notificaráselle ao expedientado, e daráselle vista do actuado; aquel poderá contestalo no prazo de dez días, alegando canto considere oportuno na súa defensa, achegando os documentos e propondo a práctica das probas que coide necesarias.

6. Cando o interesado, por escrito ou mediante comparecencia ante o instrutor e o secretario, mostrar a súa conformidade co prego de cargos, elevarase o expediente á autoridade competente para resolver.

##### Artigo 58. *Proba.*

Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo sen facelo, o instrutor, de oficio ou por instancia do interesado, acordará a práctica das probas admisibles en dereito que considere pertinentes. A resolución que se adopte será motivada e notificaráselle ao expedientado, e contra ela non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que se poida reproducir a petición das probas que fosen denegadas, no trámite de alegacións á proposta de resolución e no recurso contra a resolución do expediente.

##### Artigo 59. *Proposta de resolución.*

1. O instrutor, cando considere concluso o expediente, formulará a proposta de resolución, na cal fixará con precisión os feitos, fará a valoración xurídica destes e manifestará se os considera constitutivos de falta, con indicación, de ser o caso, de cal sexa esta, a responsabilidade do expedientado e a sanción que se ha de impor.

2. A proposta de resolución do expediente seralle notificada polo instrutor ao interesado, dándolle vista do expediente e facilitándolle unha copia completa da documentación que non fose entregada con anterioridade, para que, no prazo de dez días, poida alegar canto considere conveniente para a súa defensa e achegue cantos documentos considere de interese.

3. Formuladas as alegacións polo interesado ou transcorrido o prazo sen alegación ningunha, remitiráselle o expediente, con carácter inmediato, á autoridade competente para resolver, a través daquela que, de ser o caso, acordase a incoación do expediente.

4. Cando a autoridade disciplinaria careza da competencia para impor a sanción que considere adecuada, remitíralle o expediente a aquela que estime competente.

##### Artigo 60. *Terminación sen declaración de responsabilidade.*

Se en calquera fase do procedemento o instrutor deduce a inexistencia de responsabilidade disciplinaria ou de probas adecuadas para fundamentala, propondrá a terminación do expediente sen declaración de responsabilidade, expresando as causas que a motivan.

##### Artigo 61. *Redución de prazos.*

Por razóns de urxencia derivadas da necesidade de manter a disciplina, a exemplaridade, ou pola notoriedade ou gravidade dos feitos, o órgano que acordou a incoación poderá dispor que os prazos de tramitación do expediente se reduzan á metade do tempo previsto, salvo os de contestación ao prego de cargos e de alegacións á proposta de resolución.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> TERMINACIÓN

##### Artigo 62. *Actuacións complementarias.*

1. Recibido o expediente disciplinario, a autoridade competente, tras o exame do actuado, ditará resolución ou devolverallo ao instrutor para que practique as dilixencias complementarias ou as que fosen omitidas que se consideren necesarias para resolver o procedemento ou, de ser o caso, para que someta ao interesado unha proposta de resolución que inclúa unha cualificación xurídica de maior gravidade.

2. Antes de adoptar calquera das determinacións expresadas no número anterior, e previamente a ditar resolución, será preceptivo o informe do asesor xurídico correspondente.

##### Artigo 63. *Resolución.*

A resolución que poña fin ao procedemento deberá ditarse conforme o previsto no artigo 47 desta lei.

##### Artigo 64. *Disposicións complementarias na tramitación de determinados expedientes.*

1. En todos os expedientes disciplinarios instruídos por faltas graves ou moi graves a membros do Consello

da Garda Civil será preceptivo solicitar a emisión de informe, non vinculante, do devandito Consello, que se incorporará ás actuacións. Este informe deberá ser emitido no prazo de dez días.

2. No caso de expedientes instruídos por faltas moi graves deberase oír o Consello Superior da Garda Civil, cuxa opinión se emitirá unha vez formulada polo instrutor a correspondente proposta de resolución, incorporándose ao procedemento antes de que esta lle sexa notificada ao interesado.

3. O disposto nos números anteriores non resultará de aplicación no caso de que o expediente se incoase polas faltas disciplinarias derivadas de condena por sentenza penal.

4. Cando o director xeral da Policía e da Garda Civil considere que a sanción adecuada é a de separación do servizo, remitiralle o expediente ao ministro do Interior, quen, á vista do actuado, lle propondrá ao de Defensa a imposición da devandita sanción.

#### Artigo 65. *Caducidade.*

1. A resolución a que se refire o artigo 63 desta lei e a súa notificación ao interesado deberá producirse nun prazo que non excederá os seis meses desde a data do acordo de incoación do expediente. Transcorrido este prazo producirase a caducidade do expediente.

2. Este prazo poderase suspender por un tempo máximo de seis meses, por acordo do director xeral da Policía e da Garda Civil, por proposta do instrutor, nos casos seguintes:

a) Cando deban realizarse probas técnicas ou análises contraditorias ou dirimentes propostas polos interesados.

b) Cando deban achegarse documentos e outros elementos de xuízo necesarios e polo seu volume ou complexidade non poidan realizarse razoablemente nos prazos establecidos. Se a achega destes documentos ou elementos de xuízo a teñen que realizar os interesados, a suspensión requirirá a solicitude previa motivada e o acordo que a autorice deberá expresar o prazo de suspensión do procedemento para estes efectos.

c) Cando deban solicitarse informes preceptivos ou que sexan determinantes do contido da resolución a órganos da Administración xeral do Estado ou doutras administracións públicas.

## TÍTULO V

### Execución das sancións

#### CAPÍTULO I

##### Cumprimento das sancións

#### Artigo 66. *Execución das sancións.*

1. As sancións impostas serán inmediatamente executivas, e non suspenderá o seu cumprimento a interposición de ningún tipo de recurso, administrativo ou xudicial.

2. As sancións comezarán a cumprirse o mesmo día en que se lle notifique ao infractor a resolución pola cal se lle impoñen, se nesta non se dispuxer, motivadamente, o contrario.

3. De non ser posible o cumprimento da sanción no momento en que se dite a resolución, por encontrarse o funcionario en situación administrativa que o impida, esta farase efectiva cando o seu cambio de situación o permita, a non ser que transcorrese o prazo de prescripción.

4. Non caberá a suspensión ou inexecución das sancións impostas agás nos supostos previstos nos artigos 69 e 77 e coas limitacións establecidas neles.

#### Artigo 67. *Execución da sanción de perda de haberes con suspensión de funcións.*

1. As sancións de perda de haberes faraaas efectivas o órgano competente en materia de retribucións, con cargo ao sancionado.

2. Non obstante, cando o sancionado o sexa por falta grave poderá, logo de comunicación ao órgano correspondente, fraccionar o pagamento durante os cinco meses seguintes ao da imposición da sanción.

3. Para a determinación destas sancións tomarase como base a totalidade das remuneracións íntegras mensuais que percíbise no momento da comisión da falta, dividíndose por trinta aquela cantidade, e multiplicarase polo número de días de sanción impostos.

#### Artigo 68. *Concurrencia de sancións.*

Cando concorran varias sancións e non sexa posible o seu cumprimento simultáneo, este levarase a cabo por orde de maior a menor gravidade.

#### Artigo 69. *Suspensión e inexecución das sancións.*

O órgano competente para impor a sanción poderalle propor ao director xeral da Policía e da Garda Civil, de oficio ou por instancia do sancionado, e de maneira motivada, a suspensión daquela por un prazo inferior ao da súa prescripción, ou a inexecución da sanción, de mediar causa xusta para isto. O ministro de Defensa e o director xeral da Policía e da Garda Civil poderán acordar a suspensión ou a inexecución das sancións que impoñan.

## CAPÍTULO II

### Anotación e cancelación das sancións

#### Artigo 70. *Anotación.*

Todas as sancións disciplinarias se anotarán exclusivamente na folia de servizos do sancionado mediante unha nota na cal figurarán, ademais da sanción, a expresión clara e concreta dos feitos e a súa cualificación.

#### Artigo 71. *Cancelación.*

1. As anotacións das sancións, agás a de separación do servizo, serán canceladas de oficio unha vez transcorridos os prazos seguintes:

a) Catro anos, cando se trate de sancións por faltas moi graves.

b) Dous anos, cando se trate de sancións por faltas graves.

c) Seis meses, cando se trate de sancións por faltas leves.

2. Os prazos contarase desde que se cumpriu a sanción, sempre que durante ese tempo non lle fose imposta ao interesado ningunha pena ou sanción disciplinaria.

3. As anotacións por falta leve dos alumnos dos centros de formación da Garda Civil cancelaranse, en calquera caso, cando se incorporen á escala correspondente.

**Artigo 72. Efectos da cancelación.**

A cancelación dunha anotación de sanción producirá o efecto de a anular, sen que poida certificarse dela, salvo cando, tratándose de faltas graves ou moi graves, o soliciten as autoridades competentes, para os efectos exclusivos das clasificacións regulamentarias e, de ser o caso, a concesión de recompensas. Nas certificacións farase constar expresamente a cancelación.

**TÍTULO VI****Recursos****Artigo 73. Requisitos xerais.**

Contra as resolucións sancionadoras, os interesados poderán interpor, por escrito, os recursos de alzada e reposición nos termos previstos nos artigos seguintes, sen prexuízo do cumprimento das sancións impostas.

**Artigo 74. Recurso de alzada.**

1. Poderase recorrer en alzada ante o ministro de Defensa contra as resolucións sancionadoras acordadas polo director xeral da Policía e da Garda Civil; ante este, contra as adoptadas polos oficiais xenerais, calquera que for a súa xerarquía; ante os xenerais xefes de unidade, centro ou organismo da Garda Civil de que directamente dependan, contra as ditadas polas autoridades e mandos subordinados aos mesmos a que esta lei lles atribúa competencia sancionadora por falta leve.

2. O recurso poderase interpor no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

3. Contra a resolución de baixa nun centro docente de formación caberá interpor recurso de alzada ante o ministro de Defensa.

**Artigo 75. Recurso de reposición.**

Contra as resolucións do ministro de Defensa poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes.

**Artigo 76. Interposición dos recursos.**

1. Os recursos de alzada e de reposición dirixiranse á autoridade competente para resolvelo, ben de maneira directa ou a través da unidade en que preste os seus servizos ou en que estea encadrado administrativamente o interesado.

2. No caso de sancións por falta grave ou moi grave poderanse presentar, ademais, por medio do instrutor do expediente.

**Artigo 77. Suspensión das sancións impugnadas.**

1. O sancionado poderá solicitar da autoridade chamada a resolver o recurso a suspensión da execución dunha sanción por falta grave ou moi grave, durante o tempo de tramitación do recurso, cando a execución poida causarlle prexuízos de imposible ou difícil reparación ou se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas na lexislación de procedemento administrativo común.

2. Esta petición deberá ser resolta no prazo de cinco días e denegarase se con ela se causa prexuízo á disciplina, ao servizo, ou á imaxe pública da institución.

3. Transcorrido este prazo entenderase desestimada, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente.

**Artigo 78. Recurso contencioso-disciplinario militar.**

1. As resolucións adoptadas nos recursos de alzada e de reposición poranlle fin á vía disciplinaria e contra elas poderase interpor recurso contencioso-disciplinario militar ordinario, na forma e nos prazos previstos na lexislación procesual militar. De todo o anterior informarase os recorrentes nas notificacións que se practiquen, con expresa indicación do prazo hábil para interpor recurso e o órgano xudicial ante o que se pode interpor.

2. O recurso contencioso-disciplinario militar preferente e sumario poderase interpor contra as resolucións das autoridades e mandos aos cales esta lei lles atribúe competencia sancionadora, nos termos que se establece na lexislación procesual militar.

**Disposición adicional primeira. Normas de aplicación supletoria.**

En todo o non previsto nesta lei será de aplicación supletoria a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar.

**Disposición adicional segunda. Comunicación de resolucións xudiciais.**

Os xuíces e tribunais porán en coñecemento da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil toda resolución que poña fin aos procesos por delito ou falta que afecten o persoal suxeito a esta lei.

**Disposición adicional terceira. Colaboración do Rexistro Central de Penados e Rebeldes.**

O Rexistro Central de Penados e Rebeldes, por petición dos órganos encargados da tramitación de procedementos de cancelación de notas causadas pola imposición de sancións disciplinarias e para os exclusivos efectos de tales procedementos, certificará a inexistencia ou, de ser o caso, a constancia de antecedentes penais en vigor relativos aos interesados.

**Disposición adicional cuarta. Modificación do Código penal militar.**

A Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, pola que se aproba o Código penal militar, queda modificada nos termos seguintes:

Engádesse un novo artigo 7 bis, co seguinte texto:

«As disposicións deste código non serán de aplicación ás accións ou omisións dos membros do corpo da Garda Civil na realización dos actos propios do servizo que presten no desempeño das funcións que, para o cumprimento da súa misión de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguranza cidadá, lles atribúa en cada momento a normativa reguladora do devandito instituto.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior non será aplicable aos membros do corpo da Garda Civil en tempo de guerra, durante a vixencia do estado de sitio, durante o cumprimento de misións de carácter militar, ou cando o persoal do citado corpo se integre en unidades militares.»

Disposición adicional quinta. *Modificacións da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil.*

A Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, modifícase nos termos seguintes:

Un. A alínea d) do número 1 do artigo 88 queda redactada da seguinte maneira:

«d) Sanción disciplinaria de separación do servizo.»

Dous. No artigo 97 engádese o seguinte número terceiro:

«3. No expediente a que fai referencia o número anterior, o prazo para resolver quedará suspendido cando con anterioridade ao momento en que se constaten os feitos que motivan a súa incoación se instrúa un procedemento xudicial por delito no cal se puideren impor as penas de prisión, inhabilitación absoluta e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, ou un expediente disciplinario por falta moi grave. Nestes casos, non se ditará resolución, se procede, ata que se dite resolución definitiva no procedemento xudicial penal e se depure, de ser o caso, a eventual responsabilidade disciplinaria pola condena ou ben se dite resolución no expediente disciplinario por falta moi grave.»

Tres. As referencias que se realizan á Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, de réxime disciplinario da Garda Civil, quedan substituídas polas desta lei orgánica.

Disposición adicional sexta. *Modificación da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza.*

Modifícase o punto primeiro do artigo 15 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A Garda Civil, pola súa condición de instituto armado de natureza militar, para os efectos disciplinarios, rexeráse pola súa normativa específica. Cando a Garda Civil actúe no cumprimento de misións de carácter militar ou cando o persoal deste corpo se integre en unidades militares, resultará de aplicación o réxime disciplinario das Forzas Armadas.

En todo caso, será competente para a imposición da sanción de separación do servizo o ministro de Defensa, por proposta do de Interior.»

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio xeral.*

1. Aos que, no momento da entrada en vigor desta lei, se encontren cumprindo arresto por falta leve ou grave daráselles por cumprida tal sanción e os que estean suxeitos a arresto preventivo cesarán nel sen prexuízo da resolución que poida adoptarse no procedemento sancionador correspondente.

2. As faltas disciplinarias cometidas con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei serán sancionadas conforme a normativa anterior, salvo que as disposicións desta lei foren máis favorables para o interesado. A competencia para sancionar corresponderalles ás autoridades e mandos con potestade sancionadora determinada nesta lei.

3. Os procedementos que no momento da entrada en vigor desta lei se encontren en tramitación continuarán rexéndose ata a súa conclusión polas normas vixentes no momento da súa iniciación. Os recursos que se

interpoñan fronte ás resolucións ditadas neles tramitaranse conforme a nova regulación.

4. As resolucións firmes que no momento da entrada en vigor desta lei non fosen executadas total ou parcialmente, así como as que non alcanzasen firmeza, serán revisadas de oficio se da aplicación dela derivaren efectos máis favorables para o sancionado.

5. Mentres non se regulen regulamentariamente as misións militares que lle corresponde executar á Garda Civil, o Goberno cualificará expresamente cada unha delas en función da súa natureza. Igualmente, antes da entrada en vigor desta lei, o Goberno determinará o carácter militar ou non militar das misións que xa estiver desenvolvendo a Garda Civil.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio relativo á aplicación do Código penal militar aos membros da Garda Civil.*

1. Os feitos punibles cometidos polos membros da Garda Civil, na súa condición de militares, ata a entrada en vigor desta lei serán castigados conforme o Código penal militar, a non ser que as disposicións do Código penal sexan máis favorables para o reo; neste caso, logo de audiencia deste e oído o Ministerio Fiscal e as demais partes presentadas, a xurisdición militar, de oficio ou por instancia de calquera dos mencionados, inhibirase a favor dos tribunais ou xulgados da xurisdición ordinaria.

2. O tribunal sentenciador revisará, de oficio ou por instancia de parte, as sentenzas firmes non executadas totalmente que se diten antes da vixencia desta lei, e respecto das cales tiver correspondido a absolución ou unha condena máis beneficiosa para o reo por aplicación taxativa do Código penal e non polo exercicio do arbitrio xudicial.

Nas sentenzas ditadas conforme o Código penal militar e que non sexan firmes por estaren pendentes de recurso, aplicaranse, de oficio ou por instancia de parte, os preceptos do Código penal, cando resulten máis favorables para o reo, logo de audiencia deste.

3. Os membros da Garda Civil que, por aplicación do disposto no Código penal militar ou por revisión da sentenza, estiveren cumprindo penas de privación de liberdade en establecementos penitenciarios militares, seguirán neles ata a extinción das ditas penas.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, de réxime disciplinario da Garda Civil.

Disposición derradeira primeira. *Título habilitante.*

Esta lei dítase ao abeiro do previsto nos artigos 149, punto primeiro, materias 4.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup>, e 104 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Carácter de lei ordinaria.*

A disposición adicional quinta ten carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno, mediante real decreto, regulará, no prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor desta lei, as misións de carácter militar que se lle encomenden á Garda Civil.

2. Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**18393** *REAL DECRETO LEI 10/2007, do 19 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas intensas tormentas de chuvia e vento e inundacións que afectaron a Comunitat Valenciana durante os días 11 a 19 do mes de outubro de 2007. («BOE» 254, do 23-10-2007.)*

Durante os días 11 a 19 do mes de outubro intensas tormentas de chuvia e vento descargaron gran cantidade de auga sobre a Comunitat Valenciana, provocando numerosos estragos materiais e a morte dunha persoa como consecuencia directa destes feitos.

Estes sucesos afectaron con especial gravidade a provincia de Alacant, onde se rexistraron precipitacións de máis de 400 litros por metro cadrado nalgúns puntos. Concretamente, no municipio de El Verger as augas desbordadas do río Girona provocaron graves danos en infraestruturas municipais e en vivendas particulares, debendo lamentar mesmo a morte dunha persoa anciá que se encontraba no momento da inundación no seu domicilio. Nesta localidade numerosos veciños tiveron que ser desaloxados das súas casas, ante a imposibilidade de habitálas a curto prazo, debido á importante afectación que produciron as inundacións nas vivendas, con perda, en moitos casos, da totalidade do enxoval doméstico.

Igualmente, no municipio de Beniarbeig as chuvias torrenciais orixinaron que a forza das augas do río Girona derrubase parcialmente a ponte que une ambos os lados da localidade, orixinándose inundacións de tal envergadura que obrigaron algúns veciños a se refuxiaren nos tellados das súas vivendas, de onde tiveron que ser rescatados mediante helicópteros.

Por último, dentro da provincia de Alacant, cabe citar tamén os danos sufridos nas localidades de Calpe, Els Poblets e Xàbia, así como estragos de diversa consideración en municipios da provincia de Valencia, tales como Almussafes, Enguera, Lloc Nou de Sant Jeroni e Sumacàrcer.

Os feitos descritos orixinaron graves danos en infraestruturas de titularidade municipal, así como en bens de titularidade privada, tanto inmobles destinados a vivenda como establecementos comerciais e explotacións agrícolas e gandeiras.

No marco do Estado autonómico en que España se constituíu, as distintas administracións territoriais, en uso das competencias que teñen asumidas, deron resposta inmediata á situación de emerxencia presentada, non obstante isto foi necesario o apoio da Administración xeral do Estado co fin de garantir a vida e seguranza dos damnifica-

dos polo temporal, mobilizándose para iso medios da Unidade Militar de Emerxencias, que constituíron un posto de mando avanzado na localidade de El Verger, para colaborar nas tarefas necesarias para restablecer a normalidade na zona máis afectada polas inundacións.

Así mesmo, dentro do mesmo marco de cooperación e de colaboración interadministrativa, o Ministerio do Interior dispón dunha liña de axudas destinadas a situacións de natureza catastrófica, de aplicación permanente, dirixidas a aboar axudas de carácter inmediato a persoas que sufriron danos persoais ou nas súas vivendas e no enxoval. Estas subvencións alcanzan tamén corporacións locais que levaron a cabo actuacións de emerxencia, tales como limpeza de vías públicas, desobstrución da rede de sumidoiros, evacuación e aloxamento de damnificados e outras de similar carácter que se realicen, co fin de garantir servizos públicos necesarios para salvagardar a vida e a seguranza das persoas. Por último, e en menor medida, as axudas alcanzan a establecementos comerciais e comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal.

Non obstante o anterior, e debido á natureza dos danos producidos, faise necesario emprender reparacións ou reposicións de infraestruturas de titularidade municipal, para o cal se debe habilitar unha liña de axudas para tal fin, xestionada polo Ministerio de Administracións Públicas, que, unidas ás anteriormente expostas, perseguen, en definitiva, favorecer o restablecemento dos servizos, a reparación de danos producidos e a volta á normalidade das zonas sinistradas polas inundacións.

Neste sentido, tamén é destacable a grave afección sobre o dominio público hidráulico do Estado, así como nas zonas pertencentes ao dominio público marítimo-terrestre; para estes efectos a Administración estatal deberá emprender aquelas medidas de protección e restauración necesarias.

O obxectivo, por tanto, desta norma, é aprobar, con carácter urxente, un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuír as cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto nas empresas e particulares afectados.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polas citadas tormentas e inundacións nos cultivos e territorios afectados configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación de desastre natural, sendo compatibles co mercado común este tipo de axudas, de conformidade co establecido no artigo 87.2.c) do Tratado da Comunidade Europea.

Tendo en conta que estas continxencias non teñen cobertura completa no marco do seguro agrario combinado, faise necesario arbitrar medidas paliativas adecuadas, en consonancia coa natureza e coa incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2007,

DISPÕO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas tormentas de chuvia e vento, e inundacións que afectaron